



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

EXPEDIENTE N.º: 2010/2005

OBXECTO DO CONTRATO: Mantemento de equipos e instalacións de carácter científico e de laboratorio para os Campus da Coruña e Ferrol

CENTRO DE GASTO: Vicerreitoría de Investigación

CENTRO/DEPARTAMENTO/SERVIZO: Vicerreitoría de Investigación

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

1. Introducción

O presente prego ten por obxecto definir as condicións que rexerán o mantemento dos equipos e instalacións de carácter científico e de laboratorio propiedade da Universidade da Coruña (UDC) situados nos Campus da Coruña e Ferrol.

Este mantemento incluírá a reparación, instalación, montaxe, conservación e supervisión dos distintos equipos e instalacións de carácter científico e de laboratorio.

2. Tarefas a realizar

As tarefas que se deberán realizar son as seguintes:

- a) Reparación, conservación, revisión, comprobación e axuste dos equipos e instalacións de carácter científico e de laboratorio (Ver ANEXO MCLD01).
- b) Substitución dos compoñentes defectuosos (o material correrá a cargo da UDC).
- c) Mantemento preventivo que abranguerá a información do estado dos equipos e a previsión da substitución de pezas e compoñentes nos que se detecten anomalías.
- d) Colaboración, asesoramento técnico e supervisión para a montaxe de novos equipos e instalacións.
- e) Emisión de parte de intervención con detalle e custo da reparación, tempo de garantía das pezas substituídas e estado no que queda o equipo

3. Incompatibilidades

A prestación dos servizos arriba citados supoñerá a incompatibilidade, por parte do equipo técnico que presente o adxudicatario para realizar a súa actividade profesional para outras empresas dentro do ámbito e do horario establecido para a execución deste contrato.

4. Emprazamento dos equipos

A relación das clases de equipos obxecto do mantemento son os que se indican na listaxe que se acompaña como ANEXO MCLD01 a este prego. A título informativo o número de equipos incluídos no mantemento ascende a 3.000.

A vicexerente do campus de Ferrol

Asdo.: M^a José Brión Sobrido



Os equipos están situados nos distintos centros da Universidade.

As empresas interesadas poderán examinar os equipos cuxo mantemento se licita. Poderán para isto solicitar información a Jaime Rodríguez González (Director dos Servizos de Apoio á Investigación) no teléfono 981 167 000, extensión 2656, en horario de 9:00 a 14:00 h ou no enderezo electrónico saisec@udc.es, para que se organicen as visitas necesarias.

5. Garantías

O adxudicatario xestionará a garantía das pezas de reposto empregadas, sen custo adicional para a UDC.

Se por causa dunha avaría ou dunha instalación defectuosa, fora necesaria a substitución de pezas e compoñentes, o adxudicatario estará obrigado a entregar as pezas substituídas.

6. Achegas da UDC

A UDC colaborará co persoal técnico que acuda a realizar o servizo, de xeito que facilitará o desenvolvemento do seu traballo.

A UDC comprométese a facilitar o acceso do persoal da empresa adxudicataria ás instalacións obxecto do contrato para o desempeño do traballo.

7. Achegas da empresa

Tendo en conta a existencia de campus na Coruña e Ferrol, a empresa ofertante poderá presentar un proxecto de explotación coa proposta de medios humanos, medios materiais, horario de prestación do servizo, etc. que incluírá como mínimo:

- 2 técnicos cualificados para atender as especificacións detalladas no punto 2 deste prego, en réxime de dedicacións exclusiva
- 1 técnico con nivel FP1 ou similar, en réxime de media xornada
- A xestión da adquisición das pezas ou compoñentes necesarios para as reparacións (o custo correrá a cargo da UDC)
- A valoración do nivel de colaboración e compromiso das empresas subministradoras de equipos no seu mantemento

8. Horario de prestación do servizo

O horario de prestación do servizo será como mínimo de 9:00 a 19:00 horas, salvo que a empresa oferte outro máis amplo. A Vicerreitoría de Investigación poderá acordar coa empresa un horario diferente se as circunstancias o aconsellan, en especial en períodos de vacacións ou no caso de se produciren incidencias que incrementen o número de avarías.



9. Exclusión de servizos

Coa excepción das exclusións previstas neste prego, e que se indican a continuación, a empresa poderá presentar unha proposta que exclúa os servizos que considere que non deben formar parte do contrato. Os servizos excluídos son:

Aqueles equipos que pola súa complexidade ou alta tecnoloxía só a empresa subministradora estea cualificada para a súa reparación e mantemento correcto, previa comunicación e informe do servizo correspondente designada pola UDC.

10. Pezas e materiais para as reparacións

A oferta da empresa poderá incluír un sistema de adquisición de materiais de reposto para efectuar as reparacións que permita o pagamento sen custo adicional par parte da UDC así como o control da utilización destes materiais.

En calquera caso, os materiais que deba adquirir o adxudicatario para a realización das tarefas contempladas neste prego deberán ser repercutidas á UDC polo prezo de custo que o adquiriu o adxudicatario.

VALOR ESTIMADO (IVE excluído): 250.677,97 €

IMPORTE IVE (18 %): 45.122,03 €

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 295.800,00 €

A Coruña, 2 de agosto de 2010

O director dos SAI

Asdo.: Jaime Rodríguez González

A vicerreitora de investigación

Asdo.: Concepción Herrero López

V. e pr.

A xerente

A vicexerente do campus de Ferrol

Asdo.: M^a José Brión Sobrido

Asdo.: M.^a Jesús Grela Barreiro

MOSTRAS:

--